



Partitividade, partitivos e fenómenos afíns nas linguas románicas e non románicas

DAVID GERARDS (UNIVERSIDADE DE ZÜRICH)

A idea da nosa conferencia xurdiu por mor dun proxecto de investigación que está a emerxer na Universidade de Zürich (Suíza) e cuxo enfoque principal é o concepto da 'partitividade'¹.

Debido ao feito de que na literatura se observa un uso moi heteroxéneo dos termos *partitividade* e *partitivo*, a primeira parte da conferencia pretende ofrecer unha definición de cada un dos termos. Para iso, partiremos da diferenciación entre forma e función, a cal consideramos fundamental para calquera tipo de investigación gramatical. No marco da nosa tentativa de definición, argumentaremos, ademais, sobre a necesidade de introducir un terceiro termo, o do *marcador de partitividade*.

Unha vez establecida a terminoloxía, procederemos a presentar a fenomenoloxía da partitividade, entendida como fenómeno semántico. Veremos, pois, que cómpre distinguir entre polo menos dous tipos de partitividade, isto é, a 'verdadeira' partitividade e a pseudopartitividade (cf. Koptjevskaja-Tamm 2001, 2009). Trátase, basicamente, dunha diferenza en canto á propiedade de [+/- específico] do elemento nominal do cal se extrae unha subparte ou un subconxunto. Existen linguas, por exemplo o alemán, que diferencian sistematicamente entre eles, mentres que outras, como a grande maioría das linguas románicas, as codifican da mesma maneira.

O galego segue este patrón xeral das demais linguas románicas e emprega a preposición *de*, tanto en contextos de partitividade 'verdadeira' coma nos de pseudopartitividade:

(1) *Bebín unha botella deste viño.* [partitividade 'verdadeira']

(2) *Bebín unha botella de viño.* [pseudopartitividade]

Porén, en determinados contextos tamén admite unha construción alternativa e ata agora moi pouco estudada. Trátase da codificación mediante a preposición *en* + artigo determinado (cf. p.ex. Santamarina 1973 e Álvarez/Xove 2002):

(3) *Estiven todo o día matando nos porcos.*

Como revelou unha serie de enquisas directas e indirectas realizadas en diferentes zonas de Galicia, a dita construción parece estar suxeita a restricións aspectuais. Os falantes tenden a aceptala e produci-la sobre todo en contextos durativos e imperfectivos, mentres que o uso con outras lecturas aspectuais é máis escaso.

A segunda parte da nosa conferencia estará dedicada á presentación dos primeiros resultados desas enquisas, facendo especial fincapé na vía de gramaticalización do fenómeno. Esta merece a nosa atención, dado que o contexto local en que orixina constitúe unha fonte tipoloxicamente moi marcada. De feito –e como observado por Luraghi/Kittilä (2014)– a única lingua da que sabemos que dispón de estruturas análogas á do galego é o tongano, lingua polinesia falada por menos de 100.000 falantes na illa de Tonga.

Bibliografía

ÁLVAREZ, Rosario / XOVE, Xosé (2002): *Gramática da Lingua Galega*. Vigo: Galaxia.

KOPTJEVSKAJA-TAMM, Maria (2001): "A piece of the cake" and "a cup of tea": partitive and pseudo-partitive nominal constructions in the Circum-Baltic languages". In: Dahl, Östen / Koptjevskaja-Tamm, Maria (eds.): *The Circum-Baltic languages typology and contact*. Vol. 2 Grammar and typology. Amsterdam: John Benjamins, 523-568.

KOPTJEVSKAJA-TAMM, Maria (2009): "'A lot of grammar with a good portion of lexicon': towards a typology of partitive and pseudo-partitive nominal constructions". In: Helmbrecht, J. / Yoko, N. / Yong-Min, S. / Skopeteas, S. / Verhoeven, E. (eds.): *Form and Function in Language Research*. Berlin/Boston: Mouton de Gruyter, 329-346.

LURAGHI, Silvia / KITTILÄ, Seppo (2014): "Typology and diachrony of partitive case markers". In: Luraghi, Silvia / Huumo, Tuomas (eds.): *Partitive cases and related categories*. Berlin/Boston: Mouton de Gruyter, 17-62.

SANTAMARINA FERNÁNDEZ, Antón (1973): *El habla del Valle del Suarna*. Tese de Doutoramento. Universidade de Santiago de Compostela.

¹Para máis información, consúltese a seguinte páxina web: <http://www.spur.uzh.ch/research.html>